

RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN POLA QUE SE ACEPTAN AS RENUNCIAS PRESENTADAS NO PROCEDIMENTO DE BOLSAS EXCELENCIA MOCIDADE EXTERIOR

Vista a resolución da Secretaría Xeral da Emigración, do 30 de agosto de 2021, pola que se resolve a convocatoria das bolsas de excelencia para a mocidade do exterior (BEME), co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2021/2022 nunha universidade galega, resultan os seguintes,

FEITOS

PRIMEIRO.- A dita resolución do día 30 de agosto de 2021, acordou conceder 200 bolsas de excelencia para a mocidade do exterior, co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2021/2022 nunha universidade galega.

No Anexo I desta resolución relaciónanse as 200 persoas beneficiarias das bolsas, co master que van a cursar, universidade e importe concedido e no Anexo II recóllense as persoas suplentes que acreditaron estar matriculadas nun máster e non foron adjudicatarias da bolsa para o caso de renuncia ou baixa dalgunha das persoas adjudicatarias.

SEGUNDO.- As seguintes **8 persoas** que figuran como persoas beneficiarias no Anexo I da resolución do 30 de agosto de 2021 presentaron escritos a través da plataforma informática accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia **renunciando** ás bolsas concedidas:

APELIDOS	NOME	DNI/ PASAP	MÁSTERES	UNI V	CRÉDI TOS	ANUALIDA DE 2021	ANUALID ADE 2022	IMPORTE TOTAL
BARBERO DÍAZ	NATALIA YANINA	***9239**	Psicoloxía	USC	90	5.000,00 €	5.500,00 €	10.500,00 €
CIARLO GONZÁLEZ	CAMILA LUCÍA	*****9980	Xornalismo e Comunicación: Novas Tendencias en Produción, Xestión e Difusión do Coñecemento	USC	60	5.000,00 €	2.650,00 €	7.650,00 €
DOCE CORDOBA	MARÍANO DAMIAN	*****7935	Energías Renovables, Cambio Climático e Desenvolvemento	USC	90	5.000,00 €	6.475,00 €	11.475,00 €
FERNÁNDEZ- ARJONA BERCHANSKY	GABRIEL ALFREDO	*****5937	Dereito Dixital e da Intelixencia Artificial	UDC	60	5.000,00 €	2.650,00 €	7.650,00 €
GUIMERANS SANJORGE	PABLO LUCIANO	***1997**	Desenvolvemento Económico e Innovación	USC	60	5.000,00 €	2.650,00 €	7.650,00 €
PARDO ÁLVAREZ	ÁLVARO	***5859**	Computación de Altas Prestacións - High Performance Computing	USC	60	5.000,00 €	2.000,00 €	7.000,00 €



APELIDOS	NOME	DNI/ PASAP	MÁSTERES	UNI V	CRÉDI TOS	ANUALIDA DE 2021	ANUALID ADE 2022	IMPORTE TOTAL
RODRÍGUEZ GIMENEZ	PAULA BELÉN	*****7737	Dirección de Empresas	USC	60	5.000,00 €	2.650,00 €	7.650,00 €
SATRIANO REY	NICOLÁS	*****1854	Xornalismo e Comunicación: Novas Tendencias en Produción, Xestión e Difusión do Coñecemento	USC	60	5.000,00 €	2.650,00 €	7.650,00 €

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- A competencia para coñecer e resolver o presente expediente correspóndelle ao Secretario Xeral da Emigración, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda do Decreto 109/2021, do 15 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, en relación co disposto no artigo 16 da Resolución do 3 de febreiro de 2021, da Secretaría Xeral da Emigración.

SEGUNDO.- O parágrafo primeiro do artigo 17 da resolución de convocatoria co título "Renuncia", establece que: "A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para o que poderá utilizarse o modelo do Anexo VI."

Así mesmo no apartado 3 recóllese que "No caso de que as persoas adxudicatarias renuncien á bolsa ou causen baixa por calquera outro motivo, poderán ser substituídas pola persoa seguinte en orden de puntuación que figure na lista de suplentes, sempre que a renuncia ou baixa se produza como data límite o día 15 de setembro de 2021, ás 23.59 horas (hora peninsular española)."

SEGUNDO.- O artigo 94.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando iso non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

Así mesmo, o apartado 4 do artigo 94 da Lei 39/2015 recolle que a Administración aceptará de plano o desistimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo que, téndose personado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados do desistimento.

TERCEIRO.- As 8 persoas que figuran relacionadas no segundo feito desta resolución, presentaron escritos de renuncia á bolsa concedida a través da plataforma informática accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia.

Esta secretaría xeral, de acordo con todo o disposto anteriormente, tendo en conta que na tramitación do expediente observáronse as normas que para o efecto se establecen na Resolución da Secretaría Xeral da Emigración que regula as bolsas excelencia



mocidade exterior e na Lei do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e demais normativa de xeral aplicación,

RESOLVE

ACEPTAR as renuncias ás bolsas de excelencia para a mocidade do exterior, presentadas polas seguintes oito persoas relacionadas, que foran concedidas pola resolución do 30 de agosto de 2021 e declarar concluído o procedemento, procedéndose ao seu arquivo sen máis trámites, en base á fundamentación xurídica anterior.

APELIDOS	NOME	DNI/ PASAP	MÁSTERES	UNIV	CRÉDI TOS	ANUALID ADE 2021	ANUALID ADE 2022	IMPORTE TOTAL
BARBERO DÍAZ	NATALIA YANINA	***9239**	Psicoloxía	USC	90	5.000,00 €	5.500,00 €	10.500,00 €
CIARLO GONZÁLEZ	CAMILA LUCÍA	*****9980	Xornalismo e Comunicación: Novas Tendencias en Produción, Xestión e Difusión do Coñecemento	USC	60	5.000,00 €	2.650,00 €	7.650,00 €
DOCE CORDOBA	MARÍANO DAMIAN	*****7935	Energías Renovables, Cambio Climático e Desenvolvemento	USC	90	5.000,00 €	6.475,00 €	11.475,00 €
FERNÁNDEZ- ARJONA BERCHANSKY	GABRIEL ALFREDO	*****5937	Dereito Dixital e da Intelixencia Artificial	UDC	60	5.000,00 €	2.650,00 €	7.650,00 €
GUIMERANS SANJORGE	PABLO LUCIANO	***1997**	Desenvolvemento Económico e Innovación	USC	60	5.000,00 €	2.650,00 €	7.650,00 €
PARDO ÁLVAREZ	ÁLVARO	***5859**	Computación de Altas Prestacións - High Performance Computing	USC	60	5.000,00 €	2.000,00 €	7.000,00 €
RODRÍGUEZ GIMENEZ	PAULA BELÉN	*****7737	Dirección de Empresas	USC	60	5.000,00 €	2.650,00 €	7.650,00 €
SATRIANO REY	NICOLÁS	*****1854	Xornalismo e Comunicación: Novas Tendencias en Produción, Xestión e Difusión do Coñecemento	USC	60	5.000,00 €	2.650,00 €	7.650,00 €

Santiago de Compostela,
O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

